

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA

# HARMONÍA I

## 3º PROFESIONAL

TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

DAVID FERREIRO FERREIRO

Debido á situación excepcional provocada polo Covid-19, e seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de Galicia, procedemos á adaptación das programacións didácticas para este terceiro trimestre, tendo en conta que nos centraremos no reforzo, repaso e recuperación do 1º e 2º trimestre, así coma na profundización e ampliación daquelas aprendizaxes necesarias para que o alumando continúe satisfactoriamente co seu proceso educativo.

1. OBXECTIVOS
2. CONTIDOS
3. METODOLOXÍA
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
5. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES

## 1. OBXECTIVOS

- Coñecer e saber realizar fluidamente os intervalos simples e compostos e os acordes de triada.
- Ter control sobre as tonalidades maiores e menores, sabendo calcular a armadura de maneira rápida.
- Ser capaz de compoñer un coral a catro voces, dando un baixo o un tiple, e conducindo de maneira correcta as diferentes voces.
- Comprender o funcionamento do sistema tonal, e a funcionalidade dos diferentes grados e acordes.
- Usar acordes en primeira e segunda inversión, sabendo en cada caso, cómo e en que casos se poden realizar.
- Coñecer, construír e resolver o acorde de 7º de dominante, os seus cifrados e as súas inversións.
- Os cifrados dos acordes en estado fundamental, e de 7ª de dominante.
- Elixir correctamente e con criterio os grados máis convintes para as progresións armónicas dos exercicios.
- Coñecer e saber usar notas alleas á harmonía.

## 2. CONTIDOS

- A tonalidade.
- Os graos da escala.
- Os intervalos.
- Os cifrados dos acordes de triada, e 7º de dominante.
- A conducción de voces
- O acorde de 7º de dominante e a súa resolución.
- As tonalidades menores
- Os acordes de sexta e cuarta.
- O acorde de sexta napolitana.

- A primeira inversión.
- A harmonización dun tiple dado.
- A harmonización dun baixo sen cifrar.

### **3. METODOLOXÍA**

Debido á situación sanitaria actual, a metodoloxía, sempre práctica, consiste na realización dunha clase semanal por medio de videoconferencia, na que se practicarán e traballarán todos os aspectos tanto teóricos como prácticos. Utilizarase tamén o correo electrónico para o envío de material didáctico e exercicios que os alumnos terán que devolver resoltos.

### **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación será continua e relativa á consecución dos contidos traballados previamente ao confinamento.

### **5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A comprobación das cualificacións dos anteriores trimestres e a valoración do desenvolvemento das clases telemáticas. Os alumnos que teñan suspenso na segunda avaliación, terán que facer un exame de recuperación consistente nunha proba de dúas partes (oral e teórica) mediante videoconferencia, onde deberán demostrar que superaron os contidos con avaliación negativa ata o confinamento.

No caso de perda da avaliación continua anterior ó confinamento, a avaliación consistirá na mesma proba descrita anteriormente para os suspensos.

## **6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A nota final será a obtida no segundo trimestre, agás naqueles casos nos que o desenvolvemento das clases mellore dita cualificación. Para os alumnos que teñan suspenso ata a segunda avaliación, a calificación da proba extraordinaria será sobre 10 puntos, sendo a nota resultante, a nota da que partan para a valoración do terceiro trimestre. A participación nas actividades da terceira avaliación terase en conta positivamente para a nota final na proporción do curso non dado presencialmente. Por último, para os alumnos con avaliación alternativa (pérdida de avaliación continua) a nota da proba contará un 100% da nota final.

## **7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES**

Os alumnos que teñan a materia pendente, seguirán o mesmo sistema de avaliación que os demais no caso de asistir ás clases antes da cuarentena. No caso de non asistir, e por tanto, perder a avaliación continua, terían que facer unha proba en dúas partes (teórico e práctica) por videoconferencia, resultando dela o 100% da nota final.

David Ferreiro Ferreiro

A Coruña, 30 de abril de 2020